

# *Pasodoble Deixame subir*

Viva a aboa a bóa  
Morra a mala mala  
O home e o que vale  
A muller non vale nada

**E deixame subir  
ao cuarto da criada  
E deixame subir  
que non lle fago nada  
morena por ti**

**Morreu miña sogra  
Pareume unha vaca  
Quedamos los mesmos  
Que eramos na casa**

Se a mullere e cousa mala  
Éche algo por discutire  
Pois agora o mais tarde  
Vos a nos avedes vire

Toda a miña vida andiven  
trás dunha muller mediana  
Agora teño un cangallo  
Que non me colle na cama

Os homes cando son vellos  
Non se poñen a pensare  
que si faltan as mulleres  
Non teñen para onde  
marchare

Catro cousas hay no mundo  
Que son as máis testaduras  
As cabras e as ovellas  
As mulleres e as mulas

Dabaste de señorito  
podes peder-lo costume  
Que xa te alcuman na  
fonte pouco home moito  
fume

(para rematar)

**E deixame subir  
ao cuarto da criada  
E deixame subir  
que non lle fago nada  
morena por ti**

**Pareu miña sogra  
Morreume unha vaca  
Quedamos los mesmos  
Que eramos na casa (bis)**